

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 8 de febreiro de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez

**NON ASISTEN:**

**Invitados:**

D. David Regades Fernández  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día oito de febreiro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral, Sr. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(75).- ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 4, 14 E 18 DE XANEIRO E ORD. E EXTR. URX. DO 25 DE XANEIRO DE 2013.**

Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 4, 14 e 18 de xaneiro e ord. e extr. urx. do 25 de xaneiro de 2013. Deberán incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

## **ALCALDÍA**

### **2(76).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE DATA 06-02-13, DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Con data 06-02-2013, o alcalde-presidente ditou a seguinte resolución:

“O réxime xurídico establecido polo Título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 126.2, contempla a posibilidade de que polo Alcalde se nomeen como membros da Xunta de Goberno Local a persoas que non ostenten a condición de concelleiros, recoñecendo os mesmos dereitos económicos e prestacións sociais que as do resto dos membros electivos, réxime que resulta de aplicación ao Concello de Vigo como municipio de gran poboación.

En virtude de dita facultade e de conformidade coa normativa anteriormente citada

### **RESOLVO**

Primeiro.- Modificar a composición da Xunta de Goberno Local derivada da Resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 13 de xuño de 2011.

Segundo.- Cesar no seu cargo de membro da Xunta de Goberno Local con efectos económicos e administrativos do 7 de febreiro de 2013 a D. Santos Héctor Rodríguez Díaz.

Terceiro.- Nomear ao abeiro do art. 126.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, como membro non electo da Xunta de Goberno Local e con todos os efectos económicos e administrativos, a D<sup>a</sup> OLGA ALONSO SUÁREZ, quen así mesmo exercerá as funcións delegadas na Área de Educación previstas na miña resolución de data 6 de febreiro de 2013. A membro non electa da Xunta de Goberno Local deberá presentar no prazo legalmente establecido na Secretaría do Pleno as declaracións correspondentes ao Rexistro de Intereses.

Cuarto.- Na súa condición de membro non electo da Xunta de Goberno Local, D<sup>a</sup> OLGA ALONSO SUÁREZ poderá asistir ás sesións do Pleno da Corporación e participar nos seus debates sen prexuízo das facultades que corresponden ao seu presidente (art. 126.2 LBRL).

Quinto.- Comunicar a presente resolución aos interesados e proceder á súa publicación na web oficial e na intranet do Concello.

Sexto.- A presente resolución entrará en vigor no día de mañá, 7 de febreiro, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Sétimo.- Da presente resolución darase conta ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local queda **informada** da anterior resolución.

**3(77).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE DATA 06-02-13 DEIXANDO SEN EFECTO O DECRETO DE DELEGACIÓNS DO 13-06-11 E SUCESIVAS MODIFICACIÓNS E DE NOVAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS/AS.**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 06-02-13, de delegación de competencias, sinalando que dada a sinatura dunha nova Resolución, a presente queda sen efecto.

**4(78).- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN CONCELLEIROS E DELEGADOS DE ÁREA.**

Con data 06-02-2013, o alcalde-presidente emitiu a seguinte proposta de delegación nos concelleiros de área e nos demais delegados de competencias da Xunta de Goberno Local:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE DELEGACIÓN NOS CONCELLEIROS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO.**

***Primeiro.- NA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO, CASCOS HISTÓRICOS, GRANDES PROXECTOS E PATRIMONIO:***

*a) En materia de Urbanismo:*

*- Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas a licenzas, disciplina e infraccións urbanísticas, declaracións de ruína e ordes de execución. Resolución dos recursos administrativos interpostos contra ditos actos e revisión de oficio dos mesmos.*

*- As contratacións con cargo ó orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo que teñan a condición de “contratos menores”, de conformidade coa lexislación aplicable de contratación das Administracións Públicas.*

*- O desenvolvemento da xestión económica derivada da execución do orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, en especial:*

*a) Incoar os expedientes de modificación de créditos que deberán ser aprobados polo Pleno do Concello.*

*b) Aprobar as transferencias de crédito, agás que se realicen entre distintos grupos de función do orzamento e coas limitacións previstas no artigo 41 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril.*

*c) Aprobar os expedientes de xeración de créditos.*

*d) Aprobación da incorporación de remanentes de créditos.*

- e) *Autorización e disposición de gastos de persoal relativos ó complemento de produtividade, gratificacións e indemnizacións por razón de servizos, que estiveran comprendidos globalmente no orzamento.*
- f) *Autorizar anticipos de caixa fixa e gastos a xustificar, e aprobar as contas xustificativas dos mesmos.*
- g) *Aprobar a devolución de ingresos indebidos.*
- h) *Cancelar fianzas correspondentes a funcións da Xerencia.*
- i) *Aprobar as liquidacións individuais de taxas por prestación de servizos, prezos e demais ingresos públicos propios da Xerencia Municipal de Urbanismo, así como as anulacións das mesmas.*
- j) *Dispoñer, previo o cumprimento dos requisitos legais esixibles, o fraccionamento ou aprazamento dos ingresos urbanísticos.*
- k) *Aprobar os gastos de representación e protocolo realizados polo Xerente.*

*En relación coa xestión económica e en ausencia do Xerente do Organismo Autónomo:*

- a) *Autorizar e dispoñer todos os gastos derivados dos contratos menores e todos aqueles cun importe non superior os 12.020,24 euros, cando non lle corresponda expresamente a outro órgano municipal.*
- b) *Recoñecer e liquidar as obrigas derivadas de todos os gastos.*
- c) *A ordenación de pagos.*

*- A xestión do persoal, co Xerente de Urbanismo, agás as competencias reservadas legalmente ó Pleno da Corporación e as de carácter indelegable, de conformidade co disposto no art. 127.1.h) da Lei de Bases de Réxime Local.*

*- Exercicio de accións administrativas e xudiciais nas materias ás que se refire este Acordo de delegación.*

*b) En materia de Cascos históricos:*

*1.- A dirección da xestión da oficina de Rehabilitación de Cascos Históricos.*

*2.- Previo informe do planeamento, a xestión, a disciplina urbanística e a concesión de licenzas urbanísticas relativas aos Cascos Históricos.*

*3.- A participación na redacción e tramitación dos instrumentos de planeamento urbanísticos e instrumentos de xestión do planeamento que incidan nos barrios históricos da cidade de Vigo, emitindo informe previo nos procedementos, así como na actividade urbanística. Aos efectos do informe previo, o persoal da oficina de Barrios Históricos prestará a colaboración necesaria ao concelleiro delegado de Cascos Históricos.*

*c) En materia de Patrimonio:*

*Resolución de expedientes de autorizacións de ocupación temporal do dominio público para as instalacións de circos e demais instalación eventuais, portátiles ou desmontables e en xeral das pequenas diversións que se dean ó público como feiras e verbenas, ou barracas provisionais ou ó aire libre, carruseis e similares*

previa emisión, no seu caso, de informe do facultativo idóneo sobre as condicións de seguridade.

**Segundo.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E XESTIÓN MUNICIPAL.**

**a) En materia de mobilidade-tráfico.**

1.- Conceder as autorizacións para a ocupación temporal da vía pública e de entrada de vehículos polo dominio público agás as que poidan corresponder ao Servizo de Patrimonio.

2.- Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.

3.- Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto nas ordenanzas as seguintes medidas:

- a) Reserva de estacionamento e paradas
- b) Reservas especiais para minusválidos
- c) Permisos de sinalización para pasos de carruaxes

4.- Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral sen prexuízo do que dispoñan ou poidan dispoñer as leis sectoriais na materia.

**b) En materia de persoal.**

1.- Desempeñar a xefatura directa e inmediata do persoal municipal, agás a do corpo de Policía Municipal.

2.- Conceder os permisos e licencias de todo o persoal municipal mesmo naqueles supostos que impliquen redución ou diminución de xornada e permisos sen dereito a retribucións, previo informe do concelleiro delegado de área, dando conta, neste último supostos á Xunta de Goberno Local.

3.- Recoñecemento do grao persoal e trienios dando conta disto, no primeiro suposto, á Xunta de Goberno Local.

4.- A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, dando conta á Xunta de Goberno Local.

**Terceiro.- NA CONCELLEIRA DELEGADA DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA E CONTRATACIÓN.**

**a) En materia de contratación**

Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

**Cuarto.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE EMPREGO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E VOLUNTARIADO.**

a) En materia de desenvolvemento local:

Será atribución desta concellería a contratación polos procedementos legalmente establecidos e a extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

**Quinto.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE FOMENTO E TRANSPORTE:**

a) En materia de Vías e Obras

Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.

b) En materia de Transporte

Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral sen prexuízo do que dispoñan ou poidan dispoñer as leis sectoriais en materia de auto-taxis.

**Sexto.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE DISTRITOS, PARQUES, XARDÍNS, LIMPEZA E COMERCIO.**

a) En materia de parques e xardíns

1.- Efectuar a supervisión e o seguimento do contrato administrativo de servizos que ten por obxecto o mantemento e conservación dos parques e xardíns municipais ditando ó efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ó órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.

**Sétimo.-** Así mesmo todos os concelleiros delegados das Áreas mencionadas na resolución da Alcaldía do día 13 de xuño de 2011, exercerán por delegación desta Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1.- Impoñer as sancións previstas na lexislación vixente cando se incumpran as normas xurídicas referentes a unha área, respectando as competencias que neste particular teña delegada a Xunta de Goberno Local, adoptando, no seu caso, as medidas de carácter provisional precisas.

2.- Tramitación e resolución dos expedientes de contratos menores nos termos previstos na lexislación vixente e nos termos previstos nas bases de execución do orzamento.

3.- Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros, servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área.

4.- Incoar, tramitar e resolver cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a esta Alcaldía.

5.- Acordar a organización funcional das áreas incluíndo a redistribución de efectivos do persoal adscrito ós postos non singularizados da mesma seguindo criterios de eficacia e dando conta inmediata disto ó concelleiro delegado da Área de Persoal a través desta unidade.

6.- Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere tres días alternos ou consecutivos, dando conta inmediata disto ó concelleiro da Área de Xestión Municipal a través do servizo de Recursos Humanos.

7.- Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a dous días dando conta inmediata disto ó concelleiro delegado da área de Xestión Municipal.

8.- Propoñer o cadro de vacacións anuais do persoal da área e remitilo dentro dos prazos fixados ao servizo de Recursos Humanos para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

9.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a realización de dilixencias informativas reservadas previas á incoación dos expedientes disciplinarios nos que se poida atopar incuso o persoal adscrito á súa Área.

**Oitavo.-** As facultades que poderán exercer os concelleiros delegados en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ó órgano delegante reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme ó establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

**Noveno.-** As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas por este órgano delegante.

**Décimo.-** O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

Así mesmo, se delegan nos señores concelleiros as facultades de revisión de oficio reguladas no Capítulo I do Título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

*Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivera ditado en virtude de competencias delegadas polo Alcalde no presente Decreto.*

**Undécimo.**-*Esta Xunta de Goberno Local deberá recibir información detallada da xestión das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas, así mesmo deberá ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia.*

**Décimo segundo.**- *Notificar a presente resolución a todos os concelleiros afectados.*

**Décimo terceiro.**-*Comunicar a presente resolución ós xefes dos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e efectos e publicidade na Intranet.*

**Décimo cuarto.**- *A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.*

**Décimo quinto.**- *Do presente acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda de conformidade coa anterior proposta.

## **5(79).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS:**

Dáse conta das seguintes sentenzas remitidas por Asesoría Xurídica :

A) SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 82/2012 P.O. DEMANDANTE: INVERSIÓN VILAGARCÍA DE TURISMO, S.L. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 27-01-2012, SANCIONADOR AMBIENTAL. SENTENZA NON FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE Nº 7224/111

B) SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A Nº 301/2012 P.A. DEMANDANTE: D. SEVERO FERNÁNDEZ MÉNDEZ. OBXECTO: SANCIÓN TRÁFICO, ESTACIONAMENTO IRREGULAR. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO, CON CUSTES TAXADOS DE OFICIO. EXPTE. Nº 7667/111

C) SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A Nº 89/12 P.A. DEMANDANTE: "UNIVERSIDADE DE VIGO". OBXECTO: LIQUIDACIÓN POR ICIO. DESESTIMATORIA (COMUNICADA NA XGL DO 31 AGOSTO 2012). 2ª INSTANCIA APELACIÓN Nº 15020/2012, TSXG, SALA DO C-A, SECCIÓN 4ª. SENTENZA DO 10/12/2012. DESESTIMA A APELACIÓN DA UNIVERSIDADE E CONFIRMA A SENTENZA APELADA. EXPDTE. Nº 7257/111



D) SENTENZA XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A Nº 292/2012 P.A. DEMANDANTE: D. LUIS MIGUEL GARCÍA RUÍZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA, FIRME, ESTIMA O RECURSO E ANULA A SANCIÓN, CON CUSTES TAXADOS. EXPTE. Nº 7619/111

E) SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A Nº 119/2010 P.O. DEMANDANTE: D. ALBERTO MÉNDEZ PEREIRA. OBXECTO: AUTORIZACIÓN DE "TERRAZA" DE CAFETERÍA. SENTENZA NON FIRME, ESTIMA PARCIALMENTE A DEMANDA. EXPTE. Nº 6288/111.

F) SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A Nº 358/2012 P.A. DEMANDANTE: D. JUAN CARLOS GARCÍA SANTOS. OBXECTO: SANCIÓN TRÁFICO, ESTACIONAMENTO EN CARGAS E DESCARGAS. SENTENZA FIRME, ESTIMA O RECURSO E ANULA A SANCIÓN, CON CUSTES. EXPTE. Nº 7688/111

G) SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A Nº 90/2012. DEMANDANTE: D<sup>a</sup> SILVIA TABOADA GONZÁLEZ. OBXECTO: PROCESO SELECTIVO DE ADMINISTRATIVO DE ADMON. XERAL. SENTENZA NON FIRME, ESTIMA PARCIALMENTE O RECURSO. EXPTE. 7307/111.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

#### **6(80).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 1042/04, 1243/04, 2433/04, 1175/05, 1726/05, 1963/24, 614/25, 1437/24, 1114/24, 2374/14, 1173/05, 1255/03, 2276/06 E 1860/03.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes-proposta, do xefe de área de Benestar Social, de datas 21, 22-11-12, 18, 23, 25, 28 e 29-01-13 conformados pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Conceder o Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> María Domínguez Baños. Expte. 1042/04.
- D. Emilio Suárez Iglesias. Expte. 1243/04.
- D. Francisco Correa Rodal. Expte. 2433/04.
- D<sup>a</sup> Carmen Vidal Sotelo. Expte. 1175/05.
- D. Francisco Martín Vega. Expte.1726/05
- D. José González Fernández. Expte. 1963/24.
- D<sup>a</sup> Consuelo Berjano Conde. Expte. 614/25
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Victoria Moral González. Expte. 1437/24.
- D<sup>a</sup> Carmen Pichel Rodríguez. Expte.1114/24.
- D<sup>a</sup> Manuela Pérez Fernández. Expte. 2374/14.
- D. Segundo Alonso Costas. Expte. 1173/05.

- D<sup>a</sup> Isabel Sánchez Selas. Expte. 1255/03.
- D. Secundino Martínez Villamarín. Expte 2276/06.
- D<sup>a</sup> Rosa González Carrasco.

**7(81).- DAR CONTA: CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NA ÁREA DE POLÍTICA DO BENESTAR: DECEMBRO-2012. EXPTE. 80496/301.**

Dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social no mes de decembro de 2012. (Base 31, das de execución do orzamento en vigor).

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
03/12/12	OBRAS REPARACIÓN NO ALBERGUE	2120000	201200075890	9.433,16	MARS, Mantenimento, Recuperación y Servicios
18/12/12	GASTOS MANTEMENTO UBAS	2120000	201200080003	2.600,00	VARIOS
21/12/12	REPARACIÓN E MENTEMENTO UBAS	2120000	201200083058	3.000,00	VARIOS
18/12/12	REPARCIÓN MOBILIARIO	2150000	201200080856	10.100,00	VARIOS
27/12/12	SUMINISTRO DE CARBURANTES	2210300	201200083991	3.500,00	VARIOS
03/12/12	SERVIZOS POSTAIS E MENSAXERIA	2230000	201200075892	4.000,00	VARIOS
18/12/12	FESTA NADAL USUARIOS SAF	2260902	201200080857	6.343,88	CLECE S.A.
10/12/12	PROGRAMA LUDO-PAM	2260907	201200077670	14.000,00	PLAN COMUNITARIO DE TEIS
03/12/12	AVALIACIÓN VIVENDAS DE MAIORES	2279900	201200075891	4.900,50	ORLANDO ABILDUA CAPE-TILLO
<del>27/12/12</del>	DATOS PLATAFORMA INFORMÁTICA	2279900	201200082764	13.275,00	AFI AULA INFORMÁTICA DE GALICIA S.L.
20/12/12	REVISIÓN E RECARGA EXTINTORES	2279904	201200078424	117,00	VARIOS
03/12/12	REDUCCION RISCOS E DANOS POBOACIÓN DROGODEPENDENTE	2279908	201200075833	6.000,00	FUNDACIÓN ERGUETE
03/12/12	MUDANZ PISO ANDURIÑA	2279913	201200075834	550,00	VARIOS
21/12/12	REPARACION CIRCUITO DE SEGURIDADE	2279913	201200083063	20.328,00	EULEN SEGURIDADE
21/12/12	COMPENSACIÓN GASTOS XESTION ALBERGUE	2279913	201200083091	3.692,03	MISION DO SILENCIO

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**8(82).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA SUBHASTA DE 190 VEHÍCULOS E PALA CARGADORA PARA CHATARRA.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta do secretario da Mesa de Contratación do 23-01-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Allear a favor de Desguaces Gil, S.L., por un importe de 38.785 euros a relación de 189 vehículos e unha pala cargadora relacionados no expediente 4295/241.

**9(83).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA: SPISA. EXPTE. 4350/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 01-02-13, do xefe da oficina administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a SPISA a fianza de 1.031,82 euros constituída para responder do subministro dun sistema de cronometraxe para atletismo, xa que foi recibido conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

**10(84).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA: MÉTODO, S.L. EXPTE. 4351/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-02-13, do xefe da oficina administrativa de Contratación, vistos así mesmo os informes da oficina técnica e da Intervención Xeral Municipal de datas 23 e 28 de xaneiro de 2013, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a MÉTODO GALICIA ANÁLISIS Y TÉCNICAS, S.L. a fianza de 1.924,57 euros constituída para responder de servizo de elaboración dun estudo sobre necesidades de formación nos novos xacementos de emprego, xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

**11(85).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA: FORMATEN. EXPTE. 4352/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 01-02-13, do xefe da oficina administrativa de Contratación, vistos así mesmo os informes da oficina técnica e da Intervención Xeral Municipal de datas 23 e 28 de xaneiro de 2013, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a FORMATEN PLATAFORMA DE SISTEMAS Y DESARROLLOS, S.L. a fianza de 1.917,67 euros constituída para responder do deseño e creación dos cursos transversais a través dunha ferramenta innovadora denominada "Aula Virtual", xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

**12(86).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA: MÉTODO, S.L. EXPTE. 4353/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-02-13, do xefe da oficina administrativa de Contratación, vistos así mesmo os informes da oficina técnica e da Intervención Xeral Municipal de datas 23 e 28 de xaneiro de 2013, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a MÉTODO GALICIA E ANÁLISIS Y TÉCNICAS, S.L. a fianza de 2.946,40 euros constituída para responder do contrato de servizos externos para planificación, seguemento, asesoramento e apoio do proxecto “Imos Traballar”, xa que foron executados conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

**13(87).- PROPOSTA DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL XOSÉ NEIRA VILAS. EXPTE. 14119/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas do 24-01-13, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e pola concelleira-delegada de área; visto así mesmo o informe do 04-02-13, da Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a prórroga do contrato de xestión de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal Xosé Neira Vilas, polo período dun ano, é dicir, dende o día 15 de marzo de 2013 ao 14 de marzo de 2014, polo importe de douscentos trinta e cinco mil douscentos noventa e seis euros con setenta e oito céntimos (235.296,78 €), máis corenta e nove mil catrocentos doce euros con trinta e dous céntimos (49.412,32 €) correspondentes ao 21% de IVE, o que ascende a un total de douscentos oitenta e catro mil setecentos nove euros con dez céntimos (284.709,10 €).

Segundo.- Aprobar o gasto de douscentos oitenta e catro mil setecentos nove euros con dez céntimos (284.709,10 €) a favor de LTM Servizos Bibliotecarios SL. (CIF.- B15648595), con cargo á partida 3340.2279910“Funcionamento da Biblioteca M. Garrido), do cal corresponden:

- Ano 2013: 226.976,43 €, período do 15 de marzo ao 31 de decembro .
- Ano 2014: 57.732,67 €, período do 01 de xaneiro ao 14 de marzo.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar este no perfil do contratante do Concello de Vigo.

**14(88).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN REALIZACIÓN PROBA DEPORTIVA “10 KM CIDADE UNIVERSITARIA” NOS VIAIS DA ESTRADA DE CIRCUNVALACIÓN DO CAMPUS UNIVERSITARIO LAGOAS-MARCOSENDE. EXPTE. 11921/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do director deportivo do IMD de data 25-01-13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a Javier Rial Boubeta, responsable do Servizo de Deportes da Universidade de Vigo a organizar o vindeiro domingo, día 10 de marzo de 2013, a proba deportiva denominada 10 KM CIDADE UNIVERSITARIA dita carreira terá un percorrido de dúas voltas a un circuíto de 5.000m e se levará a cabo polos viais da Estrada de circunvalación do Campus Universitario Lagoas-Marcosende , tramo da estrada de acceso ao Campus dende a Autovía A-52 situado entre a Estrada á Cidade Deportiva do Circulo Mercantil e Industrial de Vigo e a rotonda que marca o inicio da circunvalación ao propio Campus Universitario, interior da Cidade Deportiva do Círculo Mercantil de Vigo, e viais interiores do Campus Universitario Lagoas-Marcosende. O horario da proba será dende as 11:00 horas ata as 13:00 horas.

**15(89).- SOLICITUDE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DESTINADAS A PERSOAS DESEMPREGADAS. EXPTE. 9487/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do 05-02-13, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro. Aprobar a solicitude de axuda á Consellería de Traballo e Benestar para financiar a realización dos cursos que deseguido se relacionan de acordo co establecido na ORDE do 31 de decembro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2013:

- ➔ Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil
- ➔ Dinamización, programación e desenvolvemento de accións culturais
- ➔ Dinamización comunitaria
- ➔ Docencia da formación profesional para o emprego

→ Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais

Segundo. Facultar a Santos Héctor Rodríguez Díaz, Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, para a sinatura da documentación necesaria para a presentación da solicitude ante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

**16(90).- DAR CONTA DO INFORME EMITIDO SOBRE ALEGACIÓN DA “ASOCIACIÓN FONTAÍÑA” Á PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE ENIL DO COMPLEXO DUNA-AREAL DO AREAL DO VAO E BALUARTE. EXPTE. 6062/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 05-02-13, do xefe do servizo de Medio Ambiente, conformado pola concelleira-delegada de área que di o seguinte:

*“1.- A Xunta de Goberno Local, en data do 2 de decembro de 2008, acordou:*

*“Solicitar, ao abeiro do decreto 124/2005, do 6 de maio, a figura de “Espacio natural de Interese Local” para o sistema dunar do areal do Vao.*

*Delegar na concelleira delegada de medio Ambiente, Sanidade e Consumo (ou no seu caso, no concelleiro delegado en funcións) a representación para subscribir a solicitude.*

*Asumir o compromiso de poñer en práctica as medidas precisas para a conservación dos valores naturais que motivan a declaración e de elaborar un plan de conservación e de uso público deste espazo.”*

*2.- Posteriormente, a pedimento da Consellería de Medio Rural, en data do 21 de outubro de 2011, acordou:*

*“RATIFICAR a solicitude formulada, ao abeiro da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza e o decreto 124/2005, do 6 de maio, perante a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia de declaración de Espacio Natural de Interese Local (ENIL) do “complexo duna-areal dos areais do Vao e Baluarte” do Concello de Vigo, conforme á memoria técnica remitida, redactada polo biólogo colexiado, Francisco Javier García Quinterio, para a Consellería de Medio Ambiente; e ASUMIR o compromiso formal de poñer en práctica as medidas precisas para a conservación dos valores naturais que motivan a declaración, así como de elaborar o correspondente plan de conservación e de uso público destes espazos.”*

*3.- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia (CMATI), mediante resolución do 17 de outubro de 2012, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, somete a información pública a proposta de declaración de espazo natural de interese local da zona denominada Complexo duna-areal dos areais do Vao e Baluarte, pertencente ao concello de Vigo (DOG, 210, do luns 5 de novembro de 2012).*

4.- En data do 14 de xaneiro de 2013 (doc. 130003976), tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello, escrito da xefa do Servizo de Conservación de Espazos Naturais pola que traslada a este Concello o escrito de alegacións rexistrado pola Asociación Fontaiña á proposta de declaración de dito ENIL e solicita a consideración e parecer do Concello ao respecto.

5.- O técnico redactado do proxecto e o xefe do servizo de Medio Ambiente en data do 5 de febreiro de 2013, emiten o seguinte informe:

**“INFORME SOBRE ALEGACIÓNS DA “ASOCIACIÓN FONTAIÑA” Á PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE ENIL DO COMPLEXO DUNA-AREAL DOS AREAIS DE O VAO E BALUARTE NO CONCELLO DE VIGO:**

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Servizo de Conservación de Espazos Naturais da Xunta de Galicia, remitiu e escrito de alegacións presentado pola “Asociación Fontaiña” no trámite de información pública da proposta de declaración de Espazo Natural de Interese Local (ENIL) da zona denominado Complexo duna-areal dos areas do Vao e Baluarte, pertencente ao Concello de Vigo, co obxecto de que o Concello considere o alegado e remita o seu parecer ao respecto.

Examinadas as alegacións presentadas infórmase o seguinte:

1.- Contido sucinto das alegacións presentadas pola “Asociación Fontaiña”:

a) Considera a declaración de ENIL como unha medida sumamente positiva para a protección deste tramo do litoral e para o desenvolvemento sostible da parroquia de Coruxo.

b) Propón unha ampliación dos límites do espazo natural polo seu sector oriental ata chegar ao estreito camiño central de baixada da praia de Fontaiña:

b.1.) Continuidade de carácter xeomorfolóxico e biolóxico. Presenza das comunidade botánicas, invertebrados e paseriformes citados na memoria descritiva.

b.2.) Presenza de afloramento rochoso que forma a Punta Elena con elevada diversidade de fauna intermareal citada no inventario faunístico.

c) Non se ten en conta o papel das entidades ecoloxistas, en especial, a Asociación Fontaiña e o Grupo Erva como promotoras no medio litoral de traballos de voluntario para a rexenaración dunar nesta zona.

d) Non se inclúen partidas orzamentarias para realizar as seguintes tarefas:

d.1.) Estudo da evolución da dinámica litoral da zona.

d.2.) Vixilancia medioambiental da zona.

d.3.) Establecemento dun viveiro.

d.4.) Eliminación de arborado inapropiado.

2.- Resposta ás alegacións presentadas:

a) Agradécese a participación da Asociación Fontaiña no proceso de consecución da Figura de protección do ENIL para o Complexo Duna-Areal dos Areas do Vao e Baluarte. Contarase coa súa colaboración para a redacción do Plan de Conservación do ENIL proposto.

b) *É interesante a proposta de ampliación do ENIL realizada pola Asociación e de feito estanse avaliando os seus valores e problemáticas para unha posible incorporación, non sendo este o único sector de interese; tamén está en observación o sector occidental (no areal do Serral e fronte rochosa costeira).*

*Para incorporar esta ampliación ao ENIL precisase da compilación e seguimento das comunidades biolóxicas presentes na zona e os datos que se teñen polo momento non se consideran suficientes.*

*Non se discuten en ningún momento a potencialidade dos seus valores pero datos recentes, sobre a avifauna, indícanos a presenza doutras zonas de grande valor no noso litoral. E preciso continuar documentando os valores do litoral municipal para a toma de decisións.*

*Asemade, é necesario realizar un levantamento topográfico da zona ao igual que se fixo nos areais do Vao e Baluarte, fundamental para facer un seguimento da dinámica litoral, especialmente para os movementos de area na zona seca do areal e duna e a distribución das comunidades vexetais. Neste sentido, solicitarase a participación da Asociación Fontaíña para que aporte toda a documentación que considere de interese sobre a evolución das comunidades biolóxicas e colabore no proceso de estudo para a ampliación.*

c) *Non existiría ningún reparo en incorporar a información relativa á participación do movemento ecoloxista, os voluntarios deste ou os dirixidos por estes nas tarefas realizadas durante estes anos na recuperación e conservación do Baluarte. Esta ausencia, en ningún caso quere omitir ou infravalorar a súa aportación ao coidado e preservación da medio. Non obstante, entrar neste grao de detalle implicaría tamén facer unha descrición máis precisa da súa evolución dende que existe documentación; p.e. o proxecto para o intento de urbanización da zona, a acción popular dirixida por Don Antonio Nieto Figueroa para frear este desenvolvemento urbanístico, ademais das accións realizadas pola Demarcación de Costas e o Concello de Vigo.*

#### CITA DA MEMORIA

*“En 1992 iniciouse a recuperación da duna do Areal de Baluarte, foi o primeiro paso das actuacións dirixidas a protección, recuperación e conservación do medio litoral. Estes traballos fóronse ampliando progresivamente co paso dos anos, a novos espazos y con proxectos cada vez máis ambiciosos para deste xeito garantir a protección do noso litoral. Durante todos eses aos e gobernos seguiuse apostando pola sustentabilidade no uso e xestión do litoral para deste xeito compatibilizar na medida do posible os usos sociais e recreativos coa preservación do medio costeiro.”*

*En todo caso, solicitarase información detallada e fotografías da evolución coas que poda contar a Asociación Fontaíña e Grupo Erva para que sexan incorporadas na elaboración e edición de material divulgativo, informativo e de relevancia para a proposta de ENIL.*

d) *No relativo a modificación das necesidades orzamentarias para a xestión e fontes de financiamento previstas considérase;*

d.1.) *Xa existen datos sobre a dinámica da zona proposta, que será necesario aumentar progresivamente nos vindeiros anos, de feito, existen dous puntos xeoreferenciados dentro*



da duna que permitirán ter este seguimento no tempo. Non se considera como unha actividade definible ata a redacción do plan de conservación.

En todo caso, dentro das partidas orzamentarias das que ven dispoñendo o Servizo Municipal de Medio Ambiente poderían acometerse a realización destes estudos específicos.

d.2.) Xa se está a realizar unha vixilancia ambiental por parte dos Inspectores municipais de Medio Ambiente e a Policía local (UMIR), pero é preciso acadar un grao de protección de ENIL para poder facer máis eficiente este control e así definir os usos e xestión do espazo proposto. Este é un punto crítico para poder avanzar na preservación deste medio e probablemente das zonas adxacentes.

d.3) O establecemento dun espazo nas inmediacións deste para a revexetación dunar e complexo por varios motivos.

- Non se contempla a posibilidade orzamentaria para esta.
- Implica un gasto en materiais e de recursos nun momento economicamente difícil.
- Ben xestionada e controlada, cunha programación adecuada e persoal capacitado, a propia duna permite a dispersión vexetal por sementes ou plántulas a outras zonas dentro da mesma área. Isto xa foi posto en práctica na duna de O Vao cuns resultados óptimos.
- Acoutar un novo espazo neste entorno poder ter un baixa aceptación social e implica actos de vandalismo sobre este aumentando o custe xerado pola actuación.

d.4.) A eliminación do arborado “inapropiado” neste ecosistema está prevista coa participación dos servizos e recursos que dispón o propio concello, non obstante, a presión social que moitas veces existe sobre a corta de árbores condicionou ata o momento a súa eliminación. Considerase unha tarefa excepcional que non é preciso incluír con carácter xeral como necesidade orzamentaria.

O que se ten a ben informar sobre as alegacións formuladas polos técnicos que subscriben.””

6.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo é o órgano competente ao abeiro do establecido no apartado Primeiro, l, d) e f) do decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2011 (BOP 15/07/2011), para solicitar a declaración de ENIL polo que debe coñecer, tamén, o informe ás alegacións presentadas.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

## **ACORDO**

**Primeiro.-** TOMAR COÑECEMENTO do informe emitido polo técnico redactor do proxecto de ENIL e polo xefe do servizo de Medio Ambiente en data do 5 de febreiro de 2013, que se transcribe na parte expositiva deste informe, en relación coas alegacións da “Asociación Fontaíña” á proposta de declaración de ENIL do complexo duna-areal dos areais de O Vao e Baluarte no Concello de Vigo.

**Segundo.-** Remitir o presente acordo co informe emitido do que se toma coñecemento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia: Dirección

Xeral de Conservación da Natureza, para a súa toma de razón e instando a declaración do referido ENIL.”

A Xunta de Goberno Local queda **informada** .

**17(91).- APROBACIÓN PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO CONTORNO DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN HISTÓRICO-ARQUEOLÓXICO DA ROMANIZACIÓN DA RÍA DE VIGO, VILA ROMANA DE TORALLA. EXPTE.6837/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico de data 29-01-13, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de data 04-02-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o Proxecto de Urbanización do contorno do Centro de interpretación histórico-arqueolóxico da romanización da Ría de Vigo. Villa Romana de Toralla, redactado polos arquitectos municipais D. Juan Luís Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

**18(92).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL QUE TRABALLOU OS DÍAS 24 E 31 DE DECEMBRO 2012. EXPTE. 23812/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de 25-01-13, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e máis polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 30-01-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer e aboar ao persoal que figura nas relacións que a continuación se indican as cantidades que figuran para cada un deles e que ascende a un total de 35,960'04 €, por prestar servizos entre as 22'00 horas do día 24 e ás 15'00 horas do día 25 de decembro, e no mesmo horario os días 31 de decembro de 2012 e 1 de xaneiro de 2013.

SERVIZO	RELACIÓNS	IMPORTE
CEMITERIOS	De Jesús Alfonso Paz a Eliseo Silveiro Vila Abalde	2.214'93 €
EXTINCIÓN INCENDIOS	De Vicente Aparicio González a José Benito Villaverde Veleiro	11.204'94 €
MONTES, PARQUES E XARDÍNS	De Alfonso Casas Iglesias	130,29 €
POLICIA LOCAL	De Manuel Barbeito Reino a	21.888,72 €

	Manuel Villar Miguelez	
PARQUE CENTRAL	De Luis Comesaña Fernández a Juan González Iglesias	521,16 €
TOTAIS		35,960,04 €

**19(93).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS PRESTADOS DE GRAN GALA DA POLICÍA LOCAL CON MOTIVO DA CABALGATA DE REIS. EXP-TE. 23841/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de 25-01-13, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e máis polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 30-01-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da “Cabalgata de Reis”, aboarase ao persoal da Policía Local que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por don Dámaso Pena González e remata por don Jesús Iván Abalde Casanova, por unha cantidade total de 1.422’84 € (mil catrocentos vinte e dous euros con oitenta e catro céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”.

**20(94).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE 2012. EXPTE. 23839/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de 25-01-13, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e máis polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 30-01-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal de Vías e Obras, por manexar maquinaria pesada, correspondente ao 4º TRIMESTRE-2012, aboarase aos traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Angel Alonso Cué remata por don Rodrigo Rodríguez Rocha, e que ascenden a un total de 412, 92 € (catrocentos doce euros con noventa e dous céntimos) con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”

**21(95).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE 2012. EXPTE. 23809/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de 25-01-13, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e máis polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 30-01-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Parque Móbil, Servizo Extinción de Incendios, Vías e Obras, Parque Central, Desinfección, Medio Ambiente, Protección Civil, Limpeza, Educación, Mobilidade, Seguridade e Transporte, Xuventude, Cultura, Patrimonio Histórico e Sanidade, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de **5.374,20 €** correspondentes ó 4º trimestre de 2012 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

**22(96).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE AGOSTO E DECEMBRO 2012. EXPTE. 23810/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de 29-01-13, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e máis polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 30-01-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS
Alcaldía (Condutores)	Decembro	352'00
Extinción de Incendios	Decembro	909'00
Policia Local (Xulgados)	Decembro	440'00
Policia Local (Horas en exceso)	Decembro	688'22
Limpeza	Agosto	20'00
Inspección Vías e Obras	Agosto	60'00
Parque Móbil	Agosto	107'15

Ospio	Agosto	40,00
Montes, Parques e Xardíns	Agosto	80'00
Parque Móbil (Medio Ambiente)	Agosto	80'00
Vías e Obras	Agosto	113'00
Turismo	Agosto	19'00
Desinfección	Agosto	71'00
Conserxería	Agosto	19'30
Medio Ambiente	Agosto	40'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 31.692'46 €”.

**23(97).- SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN AO PATRIMONIO MUNICIPAL DO REXISTRO NA OFICINA DE PATENTES E MARCAS, DA MARCA “MAR DE VIGO, CIDADE DE EMOCIÓN” . EXPTE. 4558/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 28-01-13, da xefa do servizo de Comercio e Turismo, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a incorporación ao patrimonio municipal do rexistro na oficina de Patentes e Marcas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, da marca Mar de Vigo, cidade de emocións das que se achega descrición, correspondentes cos rexistros: 3008564, 3008570, 3008578, 3009499, 3009501, 3009594, 3009658, 304507.

**24(98).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos Como secretaria dou fe

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.